

Concello de O Incio

BASES QUE REXERÁN A CONVOCATORIA PARA A SELECCIÓN E CONTRATACIÓN DE UN (1) POSTO DE TRACTORISTA, COMO PERSOAL LABORAL TEMPORAL MEDIANTE O SISTEMA DE CONCURSO-OPOSICIÓN, AO ABEIRO DO PLAN PROVINCIAL ÚNICO DE COOPERACIÓN COS CONCELLOS 2020 (PROGRAMA DE FOMENTO DO EMPREGO).

PRIMEIRO. Normas Xerais

O obxecto das presentes bases é a provisión, mediante concurso-oposición, de un posto de traballo na categoría de tractorista en réxime laboral temporal ó abeiro do Plan Provincial Único de Cooperación cos Concellos 2020.

As presentes bases publicaranse no taboleiro de anuncios e na sede electrónica do Concello do Incio, <https://concellooincio.sedelectronica.gal/>. Aos efectos do cumprimento do principio de publicidade, estas bases, tamén serán publicadas na páxina web da Deputación Provincial de Lugo.

SEGUNDO. Modalidade do Contrato

A modalidade do contrato será laboral temporal, dende a data de sinatura e **ata o 30 de Setembro de 2021, ao 100% da xornada**, ao abeiro do disposto na normativa vixente e iniciándose a prestación dende a data da sinatura do contrato.

TERCEIRO. Condicións de Admisión de Aspirantes

Para formar parte nas probas de selección, será necesario reunir os requisitos establecidos no artigo 56 do Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, aprobado por Real Decreto Legislativo 5/2015, de 30 de outubro:

- a) Ter a nacionalidade española sen prexuízo do disposto no artigo 57 do Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, aprobado por Real Decreto Legislativo 5/2015, de 30 de outubro.
- b) Ter cumpridos dezaseis anos e non exceder, no seu caso, da idade máxima de xubilación forzosa. Só por lei poderá establecerse outra idade máxima, distinta da idade de xubilación forzosa, para o acceso ao emprego público.
- c) Posuír as capacidades e aptitudes físicas e psíquicas para o desempeño do traballo ao que se opta acreditándose a mesma mediante certificado médico.
- d) Non haber sido separado mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das Administracións Públicas ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das Comunidades Autónomas, nin acharse en inhabilitación absoluta ou especial para empregos ou cargos públicos por resolución xudicial, para o acceso ao corpo ou escala de funcionario, ou para exercer funcións similares ás que desempeñaban no caso do persoal laboral, no que fose separado ou inhabilitado. No caso de ser nacional doutro Estado, non acharse inhabilitado ou en situación equivalente nin ser sometido a sanción disciplinaria ou equivalente que impida, no seu Estado, nos mesmos termos o acceso ao empregado público.
- e) Estar en posesión de certificado de escolaridade ou titulación equivalente, ou en

Concello de O Incio

Plza. de España, 1, O Incio. 27346 (Lugo). Tfno. 982427014. Fax: 982427100



Cod. Validación: 7LEZ2QFNXD461.3HN7QGTU3WFL | Corrección: https://concellooincio.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 1 a 6

Concello de O Incio

condicións de obtelo na data en que remate o prazo de presentación de instancias, que se deberá acreditar mediante documento oficial expedido polo organismo competente.

f) Estar en posesión do carné de conducir tipo B .

g) Acreditar o coñecemento da lingua galega no nivel de Celga 1 (ou o curso de iniciación, nos termos establecidos na disposición adicional 1ª da Orde de 16 de xullo de 2007). Se non se pode acreditar este requisito poderase acceder igualmente ao proceso selectivo pero será necesario superar unha proba de lingua galega nos termos establecidos na cláusula sétima

H) Deberán atoparse en situación de desemprego ou de mellora de emprego con independencia de que a xornada laboral sexa parcial ou completa.

CUARTO. Forma e Prazo de Presentación de Instancias

A selección do persoal a contratar levarase a cabo mediante a formulación de oferta de emprego no Servizo Público de Emprego de Galicia, oficina comarcal de Sarria.

A oficina de emprego remitirá ao Concello para a súa citación un listado dos candidatos que cumpren os requisitos para participar no proceso selectivo.

Os candidatos/as desempregados/as deberán presentar no **prazo de dous días hábiles** a documentación sinalada nas presentes bases obxecto de valoración de méritos, xunto co DNI ou documento equivalente que acredite a súa identidade, solicitude de participación (anexo I), carné B, graduado escolar ou titulación equivalente, Celga 1 ou superior e tarxeta de demandante de emprego.

QUINTO. Admisión de Aspirantes

Finalizado o prazo de presentación de solicitudes a Alcaldía ditará resolución no prazo máximo de 2 días hábiles declarando aprobada a listaxe provisional de admitidos e excluídos, con indicación do motivo de exclusión e concedendo un prazo de 2 días para que os aspirantes excluídos poidan emendar, de ser o caso, o defecto que motivou a súa exclusión.

SEXTO. Tribunal Cualificador

Os órganos de selección serán colexiados e a súa composición deberá axustarse aos principios de imparcialidade e profesionalidade dos seus membros, e tenderase, así mesmo, á paridade entre muller e home.

O persoal de elección ou de designación política, os funcionarios interinos e o persoal eventual non poderán formar parte dos órganos de selección.

A pertenza aos órganos de selección será sempre a título individual, non podendo ostentarse esta en representación ou por conta de ninguén. Os Tribunais cualificadores estarán constituídos por:

Concello de O Incio

Plza. de España, 1, O Incio. 27346 (Lugo). Tfno. 982427014. Fax: 982427100



Cod. Validación: 7LEZQFNFND461.3HN7QGTY3WFL | Corrección: https://concelloincio.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 2 a 6

Concello de O Incio

- Presidente.
- Secretario [o da Corporación ou membro da mesma en quen delegue].
- Vogais que determine a convocatoria

A pertenza aos órganos de selección será sempre a título individual, non podendo ostentarse esta en representación ou por conta de ninguén.

A abstención e recusación dos membros do Tribunal será de conformidade cos artigos 23 e 24 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público.

SÉTIMO. Sistemas de Selección e Desenvolvemento do Proceso

PROCEDIMENTO DE SELECCIÓN

O procedemento de selección será o concurso-oposición en atención ao seguinte baremo (puntuación máxima 10 puntos):

1) CIRCUNSTANCIAS PERSOAIS: PUNTUACIÓN MÁXIMA 1,00 PUNTOS.

- Ser muller: 0,50 puntos.
- Ter máis de 45 ou menos de 30 anos: 0,50 puntos.
- Persoas con discapacidade: 0,50 puntos.
- Persoas vítimas de violencia de xénero: 0,50 puntos.
- Antigüidade como demandante de emprego inscrito no Servizo Público de Emprego: 0,10 puntos por mes ata un máximo de 0,50 puntos.

2) EXPERIENCIA PROFESIONAL: PUNTUACIÓN MÁXIMA 1,00 PUNTOS.

- Por cada mes completo de servizos prestados na Administración Pública ou en empresas dependentes da Administración Pública, en postos de traballo similares e directamente relacionados: 0,20 puntos/mes completo.

- Por cada mes completo de servizos prestados en Empresas Privadas, en postos de traballo similares e directamente relacionados: 0,10 puntos/mes completo.

ACREDITARASE: Mediante certificacións de servizos prestados, expedida polo organismo oficial no que se prestaron, ou certificado de vida laboral expedido pola Tesourería Xeral da Seguridade Social e copia de contratos de traballo nos que se poida comprobar que as funcións ou tarefas realizadas se corresponden coas da praza/posto/función.

Non se terán en conta os servizos prestados como autónomo.

3) FORMACIÓN COMPLEMENTARIA: PUNTUACIÓN MÁXIMA 1,00 PUNTOS.

- Cursos de formación sobre materias directamente relacionadas co posto de traballo (tractorista), impartidos por administracións públicas, organismos oficiais dependentes de calquera das administracións públicas ou homologados por estas. Ata un máximo de 1 puntos, de acordo coa seguinte escala:

Concello de O Incio



Concello de O Incio

- Por cada curso de ata 30 horas: 0,05 puntos
- Por cada curso de 31 a 100 horas lectivas: 0,10 puntos
- Por cada curso de 101 a 200 horas lectivas: 0,20 puntos.
- Por cada curso de máis de 201 horas lectivas: 0,30 puntos.

ACREDITARASE: Mediante fotocopia compulsada do título, certificados do órgano responsable de impartilos ou títulos correspondentes dos cursos de formación, no que consten o número de horas de formación realizada.

4) PROBA PRÁCTICA: PUNTUACIÓN MÁXIMA 5 PUNTOS

Consistirá nunha actuación fixada polo Tribunal cualificador relacionada coas funcións propias do posto. Estará relacionada coas tarefas a desempeñar e con ela preténdese constatar o coñecemento dos aspirantes no manexo do tractor desbrozadora.

5) ENTREVISTA: PUNTUACIÓN MÁXIMA 2 PUNTOS

OITAVO. Relación de Aprobados, Presentación de Documentos e Formalización do Contrato

Concluídas as probas, elevarase ao órgano competente proposta de candidatos para a formalización dos contratos, que en ningún caso poderá exceder do número de prazas convocadas. Calquera proposta de aprobados que contraveña o anteriormente establecido será nula de pleno dereito. Si se producise algunha vacante no posto ofertados durante a vixencia do contrato, serán chamados por orde de puntuación.

Os aspirantes propostos achegarán no prazo de tres (3) días hábiles, contados a partir da publicación da lista de aprobados, os documentos seguintes:

- Declaración xurada de non atoparse incurso en ningunha causa de incapacidade e incompatibilidade de conformidade coa lexislación vixente e referido ao momento da súa toma de posesión.
- Certificado médico oficial.
- Certificado de titularidade da conta bancaria.
- Fotocopia da tarxeta da seguridade social.

NOVENO. Incidencias

As presentes bases e convocatoria poderán ser impugnadas de conformidade co establecido na Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

Contra a convocatoria e as súas bases, que esgotan a vía administrativa, poderase interpoñer polo interesados recurso de reposición no prazo dun mes ante a Alcaldía, previo ao contencioso- administrativo no prazo de dous meses ante o Xulgado do Contencioso- Administrativo de Lugo, a partir do día seguinte ao de publicación do

Concello de O Incio

Plza. de España, 1, O Incio. 27346 (Lugo). Tfno. 982427014. Fax: 982427100



Cod. Validación: 7LEZ2QFNXD461.3HN7QGTY3WFL | Corrección: <https://concelloincio.sedelectronica.gal/>
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 4 a 6

Concello de O Incio

seu anuncio no Boletín Oficial de Galicia (artigo 46 da Lei 29/1998, de 13 de xullo, Reguladora da Xurisdición Contencioso- Administrativa).

O Incio, na data da sinatura
O ALCALDE;

Hector Manuel Corujo González
(Documento asinado dixitalmente á marxe)

Concello de O Incio

Plza. de España, 1, O Incio. 27346 (Lugo). Tfno. 982427014. Fax: 982427100



Cod. Validación: 7LEZ2QFNXD46L3HN7QGTY3WFL | Corrección: <https://concelloboincio.sedelectronica.gal/>
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 5 a 6

Concello de O Incio

ANEXO I

CONCELLO DO INCIO

I.- DATOS DA PRAZA Á QUE ME PRESENTO:

- DENOMINACIÓN: TRACTORISTA
- RÉXIME XURÍDICO: PERSOAL LABORAL TEMPORAL.

II.- DATOS PERSOAIS.

Nome e apelidos:

Dni:

Teléfono:

Domicilio a efectos de notificacións:

Municipio:

Provincia:

Código postal:

III.- MANIFESTO: Que coñezo a convocatoria para cubrir de forma temporal 1 praza de tractorista ao abeiro do Plan Provincial de Cooperación cos Concellos 2020.

IV.- DECLARO: Que acepto as bases e que son certos os datos consignados na presente instancia de solicitude e que reúno todos e cada un dos requisitos esixidos na convocatoria.

V.- SOLICITO: Teña por presentada a presente instancia de solicitude dentro do prazo conferido ao efecto e sexa admitido a fin de participar no proceso selectivo de concurso para a provisión de dito posto, para o que presento e asino a presente solicitude.

O Incio,..... de..... de 2021.

(Asinado)

Xúntanse os seguintes documentos:

- 1.....
- 2.....
- 3.....
- 4.....

Concello de O Incio

Plza. de España, 1, O Incio. 27346 (Lugo). Tfno. 982427014. Fax: 982427100



Cod. Validación: 7LEZQFAXD46L3HN7QGTY3WFL | Corrección: <https://concelloincio.sedelectronica.gal/>
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 6 a 6